

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia (DOG núm. 23, do 21 de marzo).

Doutra parte, a Asociación de industrias do metal e tecnoloxías asociadas de Galicia (en adiante, ASIME), e no seu nome e representación Justo Sierra Rey, con NIF 33292709W, en calidade de presidente da mesma e con poderes suficientes para este acto, segundo consta en escritura de elevación a público número oitocentos noventa e cinco, do 23 de marzo de 2023, que formaliza o Acordo da Asamblea Xeral de data 14 de marzo de 2023, con NIF G36614774 e con domicilio en rúa do Doutor Corbal, 51, Teis, 36207 Vigo, Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 10 de decembro de 2024 subscribiron un convenio que recolle as condicións polas que se rexerá a colaboración entre ASIME e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización de accións formativas, de carácter non formal, de cualificación e recualificación da poboación activa no sector da construción naval que se axusten ás necesidades máis inmediatas de formación do capital humano das empresas do ramo, e que permita a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas no marco sectorial e empresarial do sector e que, con carác-



ter orientativo, están recollidas no Anexo I do convenio e teñen vinculación co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Segundo. Que no apartado 1 da cláusula terceira do convenio establécese que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de cincocentos vinte e seis mil cincocentos trinta euros (526.530 €) con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do "*Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*", distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade	Orzamento
2024	262.644 €
2025	263.886 €

Terceiro. Que o obxecto desta addenda é modificar a distribución por anualidades establecida na cláusula terceira, coa finalidade de permitir a execución durante o ano 2025 do crédito non utilizado ata o 30 de novembro de 2024.

Tendo en conta o importe xustificado por ASIME ata esa data, a distribución por anualidades queda do seguinte xeito:

Anualidade	Orzamento
2024	125.888,75 €
2025	400.641,25 €

E, en proba de conformidade cos termos da addenda, as partes asinan o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración
José González Vázquez

O presidente de ASIME
Justo Sierra Rey

